

+CUÑADOS

Luis Avilés, 2024

1277

ESTREA EN NUMAX: 19.04.20204 | V.O. | +12 | 90 min

A familia Ribeiro está a gozar das festividadeas preferidas de todo bo ourensán: o Entroido. Dous anos pasaron desde a detención de Alicia Zamora e o seu socio portugués. Os cuñados abriron un posto de polbo en Ourense, unha estratexia perfecta para branquear o diñeiro obtido do botín que sacaron na primeira entrega.

«Touriñán, De Lira e Federico Pérez Rey monopolizan a película con humor de boa lei, diálogos esmendrellantes e situacións moi divertidas»

Jordi Batlle, FOTOGRAMAS



Entrevista con Miguel de Lira: «A retranca está no noso ADN»

Por Ana Rodríguez

A estrea da segunda entrega dunha película quere dicir que a primeira triunfou, esperábase o éxito de *Cuñados* cando a rodastes durante catro semanas en

Ourense? Tiña confianza porque era unha das primeiras películas que ía ao cinema no postcovid, nun momento en que a sociedade necesitaba saír de casa e ir aos cinemas era unha das primeiras experiencias colectivas que se podía facer, e con *Cuñados*, unha película de frescos, de humor popular, podían botarse unhas risas. E así foi.

É unha aposta polo humor galego, cre que é un dos nosos produtos máis exportables? Claro, a retranca galega sempre foi exportable, forma parte do ADN do país, por iso +*Cuñados* non é un humor español ao uso, como o que se ve noutras comedias, é un humor cuxa denominación de orixe ten que ver coa nosa forma de contar as cousas. E o máis interesante é que non se fixo pensando en exportala, non sempre o obxectivo de Galicia debe ser chegar canto antes a Madrid, senón para que a goce primeiro o público galego. Obviamente tamén terá un percorrido fóra porque comprou a dereitos TVE e Movistar.

Din que estamos máis necesitados de comedia que nunca. Facer comedia popular, sen fondos nin capas, é algo que tamén necesita vostede, como actor? É interesante e bonito poder xogar ás veces á comedia de Entroido, como neste caso, que é a forma de interpretar máis popular, porque no Entroido todos nos convertemos en intérpretes, cada un co seu rol. E actuar non deixa de ser iso, soste ben a máscara. Botar de cando en vez unhas *pachangas* de comedia é moi bonito e máis se podes xogar cos outros dous actores do trío de protagonistas, Federico Pérez e Touriñán, ademais das actrices que fan das nosas mulleres. Tentamos tamén darlle un punto para que non sexa comedia explosiva, senón traxicomedia ou dramedia, onde o humor nace dunha situación dramática e responde á fórmula de que drama máis tempo é igual a comedia.

Galicia está a ser escenario de moitas producións audiovisuais de éxito, a que cre que se debe esa fotoxenia? Galicia ten unha luz particularmente agradable para o cinema, esa luz difusa para rodar en exteriores, e ofrece a posibilidade de localizacións aínda virxes que permiten contar historias no seu territorio. Pero se só tivéssemos ese atractivo, isto sería unha especie de Turgalicia, no sentido de ensinar o bonito que é o país. As historias non se contan só con decorados bonitos, tamén con ambientes sórdidos, que Galicia tamén os ten. Dito isto, creo que o que máis atractivo do audiovisual galego son os seus equipos de traballo, produtoras, técnicos, actores e actrices, e directoras e directores de prestixio xa consolidados. En Galicia agora dá unha patada e sae xente moi boa para traballar. Lembro aquelas etapas en que empezabamos con ficción, con *Mareas Vivas*, esa canteira que se formou co tirón da TVG. Hoxe parece que a Galega se afastou bastante de ser ese pulmón, pero afortunadamente hai outro mercado exterior que nos demanda.

Chegaches a aborrer o teu personaxe de Currás, de *Mareas vivas*, ou estalles agradecido? Estoulle moi agradecido, foi a xanela que me permitiu entrar en todos os fogares do país, cunhas audiencias récord que ninguén esperaba. Foi un proxecto con moita repercusión e tamén foi unha escola de aprendizaxe. Houbo un certo momento de shock e agora que xa pasou tempo aínda se percibe esa pegada. Aínda hai xente que quedou con frases de Currás, como “Marcho, que teño que marchar” ou “Que falta de ignorancia”, frases que agora ves impresas en camisetas ou se empregan noutros contextos e que xa son de todo o mundo, que case son cultura popular.